

Ben..., aquí comezou todo. Quero dicir que nacín moi perto, na rúa que vemos desde aquí mesmo e que leva o nome de Manuel Amor Meilán, cronista que foi de Lugo. Neste colexio que temos ao lado, aprendín as primeiras letras. Contábame miña nai que axiña aprendín a ler e, con ese motivo e contra o seu parecer, "subíronme" de aula, isto é, pasei de párvulos ao seguinte grau. O caso é que non sabía escribir nada e o primeiro día na miña nova clase a profesora fai un ditado. Eu, na inopia, claro, deixei a pizarra baleira, levei a reña da mestra, non entendía nada... até que a miña nai explicou que se apresaran de máis a "ascenderme"... De modo e maneira que aprendín a escribir palabras enteiras, non letras ou sílabas... Xa comprobamos que vén de moi atrás unha certa falta de método... En fin, neste colexio fixen, moi devota, a primeira comunión e nel me preparei -ou me prepararon, mellor dito- para o exame de Ingreso no Instituto, que xa foi a miña casa escolar nos seguintes sete anos. Tamén moi perto de aquí estaba a Biblioteca Provincial, que axiña visitei e que atendía cunha eficacia e unha amabilidade dificilmente superábeis D^a Mercedes Freire. E, igualmente, aquí ao lado, por estas escaleiras que vemos, subín á Muralla millenta veces, para dar a volta completa (de rapaza, vinte e tres minutos; hoxe, trinta e seis: cousas da idade...). Este xardín -que daquela non tiña aparcamento debaixo- era o noso patio, o lugar dos xogos no recreo. Aquí xoguei por primeira vez coa neve abundante que caíu nun dos invernos infantís. Do outro lado de onde nos encontramos, unha fonte que deitaba unha auga riquísima, fresquísima, era lugar predilecto, para recollela no recipiente de barro, que non sempre chegaba enteiro á casa. Nenas e nenos xogabamos naqueles tempos na rúa: os coches que pasaban eran ben escasos e a vixilancia dos maiores moito menor...

Na escola, era costume daquela sermos chamadas por un apelido. Miña irmá era Negro e eu pasei a ser Negrito, diminutivo que me acompañou aínda anos no Instituto que leva o nome, "Nosa Señora dos Ollos Grandes", da maravillosa estatua do século XIII que alberga a capela barroca da nosa catedral.

No tempo do Instituto, lembro con especial predilección dous profesores de quen estaba namorada: D^a Isaura Cepeda, de Ciencias Naturais, e D. Manuel Fuentes, de Filosofía, mais gardo recordo cariñoso doutros moitos. Por exemplo, de D. Federico Bouza, que a pesar de se declarar "un repugnante perro fascista", deixábanos debater todo o que queríamos, sobre o divino e o humano, nas súas clases de Historia, e, por suposto, Conchita Ares, a miña protectora nos primeiros meses de clases no Instituto. Eu era pequena de estatura, pequena de idade... e corría perigo de ser atropelada polas rapazas de cursos superiores! Ou D. Daniel Sarandeses, cura preconciador, que xa daquela advogaba por que as clases de Relixión fosen voluntarias e sen nota, sen cualificación. Se lembro todo isto non é só por tributo de cariño senón para ponderar como o ensino que recibemos, que recibín, entre 1963 e 1970, distaba moito, para

ben, da represión ambiental e da grisura homoxénea con que se pinta tantas veces, sen discriminación, aquela ditadura. Ditadura que o era tamén para nós, mesmo sen armas para a racionalizar. Ás agachadas, soubemos que xente próxima a nós fora de novo “molestada”, palabra que aos meus doce anos non comprendía ben, mais sabía que non encerraba cousa boa... Para maior comodidade e seguranza, contabamos coa parada, se facía falta, en “Calzados Ciudadela”, o comercio de meu pai, na rúa Doutor Castro, antes Batitales, moi cerca da Praza Maior. En fin, o Parque Rosalía de Castro, perto do Instituto, era ben familiar para todas nós, como o era, no verán, o Clube Fluvial, e o río Miño, onde tanto temos nadado e onde tanto e tanto corremos, rimos, cantamos e xogamos ao fútbolín. Claro está que as festas do San Froilán eran un ponto e á parte nas nosas vidas, coa avantaxe ademais de que as clases non comezaban até elas terminaren. Aínda hoxe teño saudades das barracas, que lle imos facer...!

Non quero cansarvos máis con evocacións luguesas. Disimúládeme a viaxe da memoria... Ben comprendedes por que escollín, cando a AELG mo solicitou, esta cidade e este xardín, que nós chamamos sempre de San Fernando, mais que ten por nome oficial Praza de Ferrol. Algo de todo isto quixen reflectir nas palabras do monólito, da pedra de Begonte, que acabamos de inaugurar. Figura nelas o nome dun ferrolán ilustre, D. Ricardo Carvalho Calero, que en Lugo tamén viveu e que a Lugo amou, o autor desa magnífica definición poética do Miño, o “presidente dos ríos galegos”. Así fican unidos cidade e nome de tan insigne escritor.

A árbore escollida é, como vedes, un magnolio. Mais non foi esta a primeira elección. Foi un salgueiro; despois, un freixo, mais ambas opcións foron desaconselladas porque precisaban máis profundidade da terra nas súas raíces e, desde hai anos, como xa dixen, este xardín ten debaixo un aparcadoiro público. Así que magnolio foi. Cando reparei no adxectivo “simbólica” aplicada no programa á árbore escollida, decateime de que non teño a menor idea da simboloxía arbórea. Averigüei que ao magnolio están asociadas -non me preguntedes en que mitoloxía ou tradición- dúas virtudes: a dignidade e a perseveranza. Albízaras!, pensei, xusto o que nos cómpre, o que nos fai falta, colectivamente, ás galegas e aos galegos de hoxe: dignidade nacional, perseveranza para conseguirmos ser galegas e galegos a tempo total, sen pedirmos permiso, recoñecéndonos na nosa historia e defendendo o dereito a vivir e a traballar na terra. Así que oxalá que este magnolio naipelo florezca ben, nos agasalle a vista, nos deleite co seu arrecendo e nos lembre que Lugo, a primeira cidade da historia da Galiza, sexa de novo avangarda da causa galega, que é tanto como dicir do noso presente e do futuro, forte como a Muralla, profundo e caudaloso como o Miño, dono de si, galego na súa lingua e na súa condición querida.

Obrigada a todas e a todos vós. É un galano vervos aquí, nesta asemblea convocada pola AELG, que ten a virtude de reunir persoas vindas de toda a Galiza e aínda de fóra dela. Grazas de corazón pola vosa presenza e polo voso cariño.

María Pilar García Negro
Xardín de San Fernando, Praza de Ferrol
10 de xuño de 2017